

## **Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial**

A Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (IAEE) é unha materia troncal de opción do **cuarto da ESO de Ensinanzas Aplicadas** (para a iniciación á Formación Profesional)

### **1. Obxetivos da materia.**

O profundo cambio social e económico que se está producindo na nosa sociedade presenta uns retos que é imprescindible asumir dende o sistema educativo. Esta materia inclúe contidos como:

- O espírito emprendedor, que é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

- Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

Por último, compre sinalar que se trata dunha materia introdutoria aos módulos de Empresa e Iniciativa Emprendedora e de Formación e Orientación Laboral impartidos na formación profesional.

### **Obxectivos xerais da materia:**

- Diseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
- Comprender o concepto de empresa e valorar o seu papel como axente xerador de riqueza e motor económico.
- Valorar a figura do emprendedor como axente social promotor do desenvolvemento e a innovación.

- Desenvolver o espírito emprendedor fomentando as actitudes, capacidades e habilidades precisas. Mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.
- Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto relación a prácticas empresariais reducindo os riscos laborais asociados á súa actividade.
- Interpretar, de modo xeral, procesos produtivos, información contable e procesos administrativos das empresas, identificando as principais funcións e responsabilidades das persoas que interveñen en cada unha.
- Identificar as principais características dos tipos de empresas máis representativas segundo a súa clasificación xurídica identificando as posibilidades máis axeitadas para cada realidade empresarial.
- Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando os principais documentos necesarios.
- Comprender as diferentes fontes de financiamento empresarial.
- Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.
- Comprender e coñecer a fiscalidade empresarial, e a súa importancia para o sostemento da sociedade.

## **2. Contidos e bloques.**

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques:

1º titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.

2º bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.

3º bloque, "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

## **3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### 4. Criterios de avaliación (calificación)

- **Probas escritas:** Realizarase a lo menos duas probas escritas por avaliación, que incluírá preguntas de desenvolvemento curto ou tipo test, ou ben exercicios prácticos relativos ao temario impartido en cada avaliación.

#### - **Actividades do alumnado:**

Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar distintas actividades e exercicios sobre os contidos estudados e presentalos ó profesor para a súa corrección e avaliación.

- **Seguimento diario en clase:** Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa participación, puntualidade a actitude na aula, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta), a realización das tarefas propostas, o uso ordenado do material entregado, a orde, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora e cumprir as normas de convivencia.



